

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, por iniciativa do seu deputado e portavoz suplente, **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, sobre a práctica de dumping ou competencia desleal que están a sufrir e denunciar os transportistas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos últimos anos, estamos a vivir unha crise sen comparación, na que unha vez máis os máis perxudicados siguen a ser os máis desfavorecidos, os traballadores e asalariados. Unha das prácticas que recrudece os efectos da crise nestes sectores é a competencia desleal e o traballo por debaixo dos prezos de coste. Isto non é unha excepción para os transportistas, que día tras día sofren e denuncian o que dan en chamar o “dumping”, isto é, a venda por debaixo do custe.

Ademáis dos empregos perdidos, danse situacións verdadeiramente dramáticas nun sector onde os prezos non dan para subsistir, e onde por mor desto, as condicións de traballo destes profesionais é cada vez máis precaria.

Sen embargo, nin dende o goberno Español nin dende o goberno da Xunta de Galicia se están a implementar medidas para protexer aos seus transportistas, o que sí que están a facer noutros países.

Nos últimos anos vemos como nos países do entorno máis cercano ao estado español implántanse cada vez máis medidas contra a práctica do dumping e a competencia desleal. Así o goberno alemán, que aprobou unha medida pola cal todos os traballadores que se atopen en chan alemán deben cobrar o salario mínimo vixente en Alemaña, independentemente do país no que radique a empresa para a que traballen. Para controlar isto, é necesario que toda empresa de transportes que vaia operar por territorio alemán debe mandar un formulario por

fax ao goberno alemán indicando a data de inicio e a duración estimada do transporte no chan alemán así como o comprobante de pago dos salarios. Con esta medida, o transportista alemán vese protexido ante empresas que utilizan traballadores doutros países con inferiores custes, así como poder denunciar á empresa alemana en caso de que non pague o salario mínimo.

No caso de Galiza e do Estado Español, onde o panorama é moi preocupante, vimos denunciando unha absoluta inoperancia dos gobernos que o único que fai é favorecer a presenza de grandes empresas transportistas nas estradas galegas, que explotan traballadores doutros países con custes moi inferiores aos posibles no noso país. Así, vemos como no 2014, pese a que o negocio global no Estado Español caeu un 3% o grupo francés Nobel Desentrage creceu un 14% no Estado Español, como denuncia a asociación coruñesa de empresarios do transporte. Mais este problema vén de lonxe. Xa no 2009 cando tanto o goberno español como o goberno da Xunta aprobaron a “lei omnibus” escoitáronse voces advertindo de que a aprobación desta lei non facía máis senón permitir o dumping no sector transportista ao liberar os servizos e permitir que calquera traballador que opere no noso territorio se rixa polas leis laborais do seu país de orixe, así como suprimir a obriga legal de que os servizos de transporte cubran os seus custes reais, e as tarifas que rexían naquel momento obrigatorias ou de referencia.

Fronte ao abandono dos gobernos e administracións, os transportistas galegos suman loitas día tras día fronte abusos que teñen que aturar, coma por exemplo, Celta ou Begano, onde pretenden introducir operadores para rebaixar custes á costa dos dereitos dos camioneros.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Que coordinadamente cos traballadores do sector, elabore unha proposta para implementar medidas eficaces contra a práctica do dumping no transporte de mercadorías por estrada.
- 2) Que demande do Goberno español e da Unión Europea, as medidas que sexan necesarias, para actuar contra os casos de dumping e competencia desleal que se están producindo en perxuizo dos transportistas.
- 3) Que demande do Goberno español un control exhaustivo deste tipo de prácticas no sector do transporte por estrada.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García,

Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 02/07/2015 10:22:15